

COMO CHO CONTO!

CEIP Plurilingüe

Santa Rita



Xaneiro-Febreiro-Marzo
2013

XANEIRO 2013

Voltamos das vacacións do Nadal e xa estamos preparados para un inverno cheo de novos proxectos e interesantes actividades.

Consumópolis

Unha actividade dentro do Plan Proxecta. Alumnado de 5º e 6º curso en grupos de cinco traballaron sobre o consumo responsable nas dúas fases do Consumópolis. Un xogo on-line e un traballo de grupo. O traballo final



consistía na elaboración dun calendario escolar seguindo algún dos temas propostos e adaptándose ás bases escritas. Misturaron texto e imaxes nun traballo do máis creativo. *Alimentación e deporte* foi o tema



de máis interese entre os participantes.

Fixeron un moi bo traballo. Velaí algúns dos seus calendarios.

Premios Nobeis

Dende xaneiro comezamos o traballo arredor dos Premios Nobeis dentro do Proxecto Comenius “*The journal trough two centuries, XIX-XX*”. Fíxose un bo traballo de investigación , documentación e busca de respostas para ir dende a orixe *Quen inventou a dinamita?* Para chegar a ver a relación existente entre esta cuestión inicial e os Premios Nobeis. Unha vez descuberta a relación e documentados, centrámonos nos Premios Nobeis españois, e dentro deles, nos Premios Nobeis de Literatura. Finalizamos o traballo arredor da figura de Juan Ramón Jiménez e a súa obra.

INFANTIL fixo un fermoso e moi colorido Platero. Un grande puzzle mosaico feito de cadradiños. Así, o noso Platero de Infantil leva dous pedaciños de cada neno e de cada nena. Dous pedaciños coloridos e diferentes que ordenados dentro de un grande panel a modo de puzzle resulta un burriño Platero moi ao estilo dos máis pequenos.


Eu son... Platero



O PRIMEIRO CICLO EP centrouse un pouco máis no texto, na obra de Juan Ramón Jiménez para adaptar o seu traballo artístico a un Platero peludo, suave, de algodón e unha grande e delicada “*Amapola, amapolita*”.




3º CURSO fixo tamén un traballo de ilustración segundo o contido dos primeiros capítulos de “*Platero y Yo*”. Escoitando a canción sobre o texto de Platero e, logo de ler os primeiros capítulos, fixeron unhas ilustracións acordes. Logo, con esas ilustracións elaboraron un mural explicativo de



aquilo que mostraban os seus debuxos. Mesturaron textos e imaxes para dar informacións.

Estiveron moi atentos aos vídeos tutoriais de *Cómo hacer un burro de*



plastilina. Probaron a facer un Platero seguindo as indicacións do vídeo e engadindo aquelas cousiñas que agora sabían sobre o seu personaxe.




Así, podemos ver un burriño coas alforxas cargadas de laranxas mandarinas, uvas e figos morados. Os Plateros de plastilina uníronse aos murais informativos na zona azul da Biblioteca, no recuncho do 2º ciclo.



4º CURSO e 6º CURSO xogaron a ser rigorosos investigadores que seguiron pistas para concluír con un traballo explicativo da orixe, o porqué, e o cómo dos Premios Nobeis.

4º curso cubriu un caderno de busca de información guiada con cuestións que ían contestando segundo as informacións atopadas e sacando conclusións. Quen



inventou a dinamita? Era a 1ª de 22 preguntas. Na última pregunta hipotética, os nenos e nenas de 4º tiveron que reflexionar para propoñer unha candidatura a Premio Nobel dentro do noso cole. Interesante, verdade? Os caderniños resoltos están a disposición na zona azul da Biblioteca.



6º curso, Abalar axudouse das tecnoloxías e do soporte dixital para os seus traballos. Repartíronse en grupos para a busca de información e o seu tratamento posterior. Cada grupo elaborou unha presentación en Power Point que logo presentaron e expuxeron ante os compañeiros e compañeras de clase. Con este traballo foron coñecendo a orixe e



historia dos Premios Nobeis, as distintas disciplinas dentro destes recoñecidos Premios, os Premios Nobeis españois. Ademais de aprender contidos e informacións teóricas tiveron

moitas oportunidades de aprender desenvolvendo competencias lingüísticas, competencias dixital e de tratamento de información, traballo en grupo e exposición oral. A verdade é que esta maneira de traballar sobre temas ou proxectos ofrecen moitas oportunidades de aprender e disfrutar aprendendo.



5º curso, traballou arredor do Nobel Camilo José Cela e a súa obra. Aproveitáronse textos do autor para facer traballos de lingua: busca de adxectivos, clasificación de substantivos, análise dos verbos,...comprensión lectora máis alá do escrito literalmente,...

Outros traballos arredor desta temática Premios Nobeis foi o visionado de contos de animación (A flor máis grande do mundo, do Nobel José Saramago), cancións sobre a obra de “Platero y Yo”, de Juan Ramón Jiménez, tradución de títulos a varios idiomas,...

Todo este traballo comezado en Xaneiro estendeuse a todo o 2º trimestre. Curiosamente o curso pasado o traballo de Comenius estivo máis dirixido a tratar as guerras de comezo de século. O inventor da dinamita que causou tantas mortes fíxose moi rico a conta das guerras. Logo arrepeniuse e deixou unha enorme fortuna e un testamento de cómo repartir esa riqueza en Premios. Premio Nobel da Paz, dentro das diferentes disciplinas. Este ano otorgado á Unión Europea. Todo está relacionado e ten sentido.

Día 30 de xaneiro. Paz e non violencia

Unha enorme pomba branca presidiu o corredor principal da entrada nas vésperas da celebración da Paz. Día a día foi cubríndose de mans brancas cheas de mensaxes con anhelo de Paz e non violencia. Mans pequenas



e grandes que cubriron con desexos e esperanzas de paz as ás da nosa Gran Pomba.



A cita do Acto oficial pola Paz foi o mesmo día 30 de Xaneiro, no Ximnasio, xa que as condicións climáticas non aconsellaban un acto ao aire libre.



Durante todo o mes fixéronse os preparativos para que o día de actos todo saíse ben. Bandas sonoras, mensaxes, poemas, citas, reflexións,...

Dende a entrada no cole pola mañá puidemos escoitar e ver vídeos seleccionados como Banda



Sonora de Paz , en pantalla grande e altofalantes.

Baixamos a Pomba para o Ximnasio , onde nos reunimos para o acto de celebración.

Os maiores do cole, alumnos e alumnas de 6º curso leron para todos uns fermosos poemas intimistas feitos por eles. Escribiron, ilustraron e recitaron para todos. Encantáronnos todos os poemas. Grazas, sexto!



4º curso leu un Manifesto pola paz de cada día no cole, prometendo en esforzarse cada día no intento de conseguir máis paz diaria necesaria: no autobús, no patio, na fila, na clase ou no comedor.

Leron tamén algunhas citas nas que se facía reflexionar sobre a importancia de ter paz como necesario é o pan de cada día.

3º curso preparou unha mensaxe de paz en Lingua de signos. Pois,



Juan, o protagonista da mensaxe, non puido vir ao cole ese día pero gravouse a mensaxe e proxectouse en pantalla grande. Esta mensaxe de Juan incluíuse dentro da Banda Sonora de Paz, vídeos selectos para traballar

sobre a Paz: cancións, mensaxes, pictogramas, Lingua de signos , en varios idiomas, subtitulados,...

Os pequenos de Infantil asistiron ao acto ataviados con fermosas pombas e símbolos significativos de paz nos que traballaron picando, recortando...

Escribíronse tiras de mensaxes que colgaron a modo de cola da xigantesca pomba. Tamén se escribiron mensaxes pacíficas en globos de cores. Ao final do acto fóronse soltando fóra os globos con desexos de paz. Estes globos viaxaron polo ceo tomando distintos camiños, segundo o aire e o destino.

FEBREIRO 2013

ENTROIDO

Ás receitas de outono e inverno incorpóranse as sobremesas típicas do Entroido.

Este ano o Meco, señor do Entroido foi un meco gastronómico que nos foi vestindo durante toda a semana para facer calquera das sobremesas.





Fixemos un Entroido de traballos arredor da comida, do receitairo.



Así, 1º curso, foron de **mariñeiros e redeiras**; 2º curso, **gandeiros e gandeiras, labregos e labregas**. O 3º curso traballou coa fariña, **panadeiros e panadeiras**.





O 4º curso, de operarios, “**A nosa fábrica de conserva do bonito**”, foi o tema elixido logo traballar sobre a vestimenta, boas prácticas, seguridade e hixiene,... dentro do Proxecto de Consumo “**Todo che parece bonito?**”

O 5º curso foi o **equipo médico**, ataviados con batas, fonendoscopios e ata termómetros para asistir calquera incidencia.



E finalmente, os de 6º, ademais de traballar moito na recolleita das receitas, foron de **camareiros e camareiras, cociñeiros e cociñeiras**.

A filosofía de elaboración dos disfraces era non meterse en gasto económico, facendo uso de enxeño de cada quen para elaborar o seu co que atopaba na casa.

Preparáronse para un desfile elixindo unha música acorde, así foi que 1º desfilou ao ritmo de “Catro vellos mariñeiros”; os labregos e labregas ao son da música de vendima e recolleita; 3º fixo a súa propia música, “**O rap da fariña**”, que interpretaron a modo de regueifa, entre panadeiros e panadeiras. E seguindo a tónica, 5º fixo o propio e 6º “Cocinero, cocineroo”.



da época, elaboradas polas familias: orellas, filloas, flores, roscas... Comemos sentados en grupos e pasámolo bárbaro!



E para finalizar a tarde, tivemos degustación de sobremesas típicas

DÍA DE ROSALÍA



O 24 de febreiro é o aniversario Rosalía de Castro.



Este ano 2013, ademais de cumprirse 176 anos do seu nacemento, a súa obra **Cantares Galegos** cumpre 150 anos dende a publicación. O primeiro libro íntegramente en lingua galega!




Traballamos arredor da figura desta importante muller e o seu legado. Deixámonos seducir pola súa maxia poética na que hai moito de Nós. Preparamos a nosa Homenaxe de gratitude a esta muller.



Mergullámonos entre a súa historia e os seus versos tan unidos á paisaxe, á gastronomía e á cultura que nos caracteriza a galegos e galegas. Dende as obras máis coñecidas e os poemas musicados moitas veces escoitados fomos achegándonos máis de preto aos Cantares Galegos.

O alumnado de 5º e 6º elixiu cadanseu poema de Cantares Galegos para traballar con profundidade: comprendéndoo, rescribíndoo, ilustrándoo e ensaiando duramente para logo recitalo con sentimento. Así, o corredor do 3º ciclo encheuse de melodía: *O moucho, Has de cantar, Repoludo gaiteiro*,... Recollidos nun grande mural “Rosalía e máis Nós”.

Rosalía sempre nos nosos pensamentos, a flor preferida por ela.



ía



MARZO 2013

Viaxe Comenius



As mestras Mari e máis Ermi viaxaron a Turquía para reunirse cos socios Comenius e facer a posta en común do traballo sobre os Premios Nobeis. Coñeceron o colexio de Ankara e aspectos moi interesantes da cultura turca.





Cinco colexios de cinco países europeos traballando xuntos nunha viaxe a través dos séculos XIX e XX.

Primavera, poesía e día da árbore

Un ano máis, os tulipáns que plantamos no Outono anuncian a Primavera.



Aínda con “pensamentos” de Rosalía e tendo en conta o 21 de marzo, Día da Poesía, unímonos a unha actividade conxunta das Bibliotecas escolares da zona. **Primavera de poesías**. Así, foron chegando ao colexo bandadas de andoriñas con poemas primaverais. Teremos exposición de andoriñas no noso cole durante todo o mes de abril. En Maio as andoriñas do Santa Rita collerán vo ao Concello para xuntarse con Papaventos, Flores, abellas, bolboretas,... e outros símbolos primaverais portadores de poemas apadriñados polas familias. Que traballiños tan bos se están facendo nos fogares. Noraboa familias!



22 de marzo , Día da árbore

A celebración da chegada da Primavera completouse o Día da Árbore, o día 22. O noso colexio xa conta cunha árbore máis. Plantamos unha bidueira! Como había que bautizala, polas aulas de Primaria, durante a semana estudaron ben as características da árbore. Buscaron información e fixeron a súa proposta de nome para a árbore: “Tiriñas”, “Branquiña”, “Bida”, “Peki”...foron algúns dos nomes suxeridos. Finalmente , por sorteo entre as propostas de aula saliu elixido “Platero”, o nome que propoñía 1º curso, un pouco pola cor que vai collendo o talo desta árbore e outro pouco lembrándose do moito que traballaron este curso sobre o burriño Platero. Benvida e longa vida a “Platero”!

Eu tamén son ...
Platero!





Todo o alumnado de Primaria baixou ao Patio, ao noso campo para o acto de Benvida á nova árbore.

Alumnos de 5º curso leron un fermoso Manifesto poñéndolle voz á árbore que se ía instalar definitivamente no noso campo. Podemos consultar os textos orixinais no blog da biblioteca.




Alumnos de sexto dedicáronlle uns poemas á arboriña.

Este grupo de sexto é un grupo de poetas! E... como nos gustan os seus orixinais poemas! En todas as celebracións do cole quedamos abraiados coas súas composicións.



3º curso recitou ao unísono o poema “A bidueira” de Manuel María, traballado na clase.



Logo, procedeuse á plantación propiamente dita. A arboriña tomou terras de Galdo nas que medrar ao mesmo tempo que medran os nosos nenos e nenas. Convivindo e medrando xuntos!

